

TROMPOS E BAILARETES

(Peón; Trompa; Buxaina; Bailarico; Perindola...)



Primeiro débese de aprender a bailar a buxaina: enrolar a baraza ou piola con forza, facer unha gaza sobre o caparucho; coller o sobrance da corda cos dedos furabolos e medio, tomar o peón co ferrón cara abaixo (pódese lanzar ao revés, aínda que habería que ter enrolado a piola do outro xeito) e lanzalo desenvolvendo toda a corda cun lixeiro tirón da man cara atrás.

Para facer rolar o bailarete collerase polo pirucho entre os dedos furabolos e medio e aplicarase un movemento rápido de fretación, co que se lle fará bailar con velocidade.

Unha vez controlado o lanzamento, pódense realizar prácticas máis complexas de xeito individual: bailalo na man (colléndoo do chan ou directamente no aire, no intre de ser lanzado), na unlla do polgar, no pé... Tamén usando a piola: enrolalo mentres baila, elevalo e collelo no aire e facerlle percorrer a baraza etc. Colectivamente pódese xogar ao corro (acertarlle a outro peón, a unha moeda ou outro elemento situado dentro dun circo pintado no chan e tentar quitalo fóra), a duración (lanzar ao mesmo tempo, e ver quen dura máis), a remudas (co peón xirando na man) etc.

